




SUSTENTABILIDADE TERRITORIAL

PLAN DE SEGUIMENTO DAS DOT



ANEXO I

Determinacións e obxectivos/Indicadores

ANEXO II

Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI)

ANEXO III

Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST)

ANEXO IV

Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística (EPTU)

ANEXO V

Xestión dos Grupos Técnicos de Traballo (GTT)

XUNTA
DE GALICIA

Xestión dos grupos técnicos de traballo (GTT) para a definición e concreción das ferramentas do plan de seguimento: obtención dos indicadores de sustentabilidade, achegas para os de desenvolvemento e implantación (IDI) e enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU).

Coa creación (DOG 24 de xullo de 2012) e posterior constitución da Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, esta acordou a posta en marcha dos grupos técnicos de traballo (GTT) para cada ámbito competencial implicado na sustentabilidade territorial. Atendendo as propostas que configuraron o sistema de seguimento, que tivo como punto de partida o plan de seguimento da Memoria ambiental das DOT, estableceuse que serían dezasete os grupos a constituír, integrados cada un deles, ademais do departamento implicado, polos representantes do órgano ambiental (OA), do IGE e do IET; estando invitados a participar nos mesmos o departamento con competencias na ordenación do territorio e administración local.

A partires de aquí o contexto de traballo centrase na elaboración do devandito Plan de seguimento da sustentabilidade territorial, en concreto, nas ferramentas vinculadas aos indicadores como elementos que permiten coñecer a evolución das variables de sustentabilidade ou o desenvolvemento das determinacións contidas nas DOT: indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI), indicadores de sustentabilidade territorial (IST) e a enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU), para coñecer como percibe a cidadanía o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación territorial.

Para elo, o Instituto de Estudos do Territorio (IET), que ten entre as súas funcións a de prestar apoio na realización da avaliación continua dos instrumentos de ordenación territorial, o que inclúe o plan de seguimento referido, asume a programación do traballo na consecución do mesmo, cun papel centrado na elaboración das propostas para as distintas ferramentas de traballo, propostas que estudaranse e consensuaranse nos GTT, e finalmente, serán validadas polo departamento responsable do indicador, o IGE e o órgano ambiental.

O resultado final, e previa elaboración do informe ao proceso de seguimento levado a cabo, será aprobado pola Comisión como paso previo a súa publicación e divulgación.

A dinámica de traballo dos GTT iníciase coa remisión, a cada un deles, dunha documentación acompañada dun escrito no que se insta a inicialo proceso, coa convocatoria dunha reunión, con data, hora e sede; así como a solicitude de asignación da persoa ou persoas que integrarían o grupo de traballo.

A documentación remitida constaba de dous documentos:

1. **Documento base** cos antecedentes da consulta e as instrucións para a configuración da resposta. Nel, facíase unha introdución das demandas normativas, así como unha descrición da arquitectura deseñada: órganos/actores, ferramentas e procesos.
2. **Documentación técnica** para a súa análise, con tres apartados diferenciados¹:
 - A. **Documentación de consulta:** información de interese sobre a planificación do traballo e aspectos claves a ter en conta para a resposta. Nel tamén se expoñía o modelo conceptual así como os obxectivos específicos de sustentabilidade para cada unha das variables ou bloques do sistema, facendo fincapé no sistema de indicadores de sustentabilidade territorial (IST) co obxectivo de avaliar a eficacia dos

¹ Soporte dixital -CD

instrumentos de ordenación do territorio para encamiñar Galicia cara a sociedade da sustentabilidade.

- B. **Documentación de análise:** aportouse un listado de indicadores, tanto para ámbito DOT² como para POL³, que pola súa natureza eran responsabilidade do departamento, así como propostas de varios indicadores expostos nun formato de folia de cálculo que integraba os seguintes campos: índice, medidas ou parámetros propostos, resultados para os ámbitos DOT y/o POL, resultados por concello, así como unha ficha dos mesmos, gráficos, indicadores relacionados, fontes, criterios de cálculo e metodoloxía e un apartado de contexto no que se reflicte resultados numéricos e gráficos en outros ámbitos territoriais superiores.
- C. **Documentación de resposta,** centrada nas tres ferramentas descritas: indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI) na que solicitábase achegar información sobre o estado de desenvolvemento das accións ou instrumentos relacionados coas súas competencias e que foron incluídos nas determinacións das DOT; sobre os indicadores de sustentabilidade territorial (IST) na que se incluía fichas sinxelas para cada indicador, coa finalidade de servir de documento base sobre o que artellar a resposta centrado na valoración da idoneidade dos conceptos ou temáticas a medir, fontes empregadas, metodoloxía empregada, identificación

de tendencias ou valores limiares, propostas de medidas e, no seu caso, doutras fontes ou indicadores.

Por último, referido coa enquisa de percepción territorial e urbanística (**EPTU**), a consulta pretendía coñecer si existía ou estaba prevista a realización dalgún proxecto de enquisa, en relación coas súas competencias, que puidera completar ou mellorar as realizadas polo IGE; asemade, tras una análise das enquisas dispoñibles no IGE viuse que, cunha selección axeitada das cuestións existentes e con algunha adaptación sinxela a aportar polo departamento, poderían dar resposta o obxecto básico da EPTU: coñecer a percepción da cidadanía e da veciñanza acerca da situación da calidade da vida nas cidades e no rural así como a valoración acerca das melloras levadas a cabo ou pretendidas polos instrumentos de ordenación do territorio e/ou de urbanismo.

Con posterioridade a este envío de documentación, tiveron lugar as reunións, xa comentadas neste anexo, co derradeiro fin de conseguir un grupo representativo de indicadores que integren este primeiro informe do sistema de seguimento. As sesións de traballo serviron para a mellor selección, definición e cálculo dos indicadores, a partires da proposta elaborada polo IET como coordinador dos traballos, prestando apoio técnico e material; proposta, traballada e consensuada no GTT, que finalmente serían validadas polo departamento responsable do indicador.

As sesións de traballo, tiveron lugar ao longo dos meses de setembro e outubro de 2012 e novembro de 2013, reflectidas en actas para cada un dos GTT. Cabe subliñar que neste proceso, estas sesións, foron o inicio dun inxente traballo de xestión diaria, para a elaboración, confección e validación dos 32 indicadores de IST e dos 6 indicadores de IDI que integran o informe desta primeira entrega.

² Directrices de ordenación do territorio de Galicia

³ Plan de ordenación do litoral de Galicia

No seguinte cadro resúmese, para cada GTT, os indicadores de sustentabilidade territorial (IST) seleccionados e o departamento/s responsable/s da súa validación.:

GTT	Departamento	Datas sesión de traballo	Indicadores seleccionados (IST)
GTT01	Instituto Galego de Estatística (IGE)	04/09/2012	Variación da poboación (nº de habitantes)
		28/09/2012	Densidade de poboación
		05/11/2013	Renda bruta dispoñible do fogar per cápita
GTT02	D.X. Patrimonio Cultural	16/10/2012 08/10/2012 11/11/2013	Número de BIC
GTT03	S.X. Turismo	04/10/2012 19/10/2012	Intensidade turística
GTT04	D.X. Formación e Colocación	18/09/2012	Autocontención laboral
		01/10/2012 26/11/2013	Autosuficiencia en emprego
GTT05	S.X. do Mar	18/09/2012 21/11/2013	Especialización acuícola
GTT06	S.X. de Medio Rural e Montes	13/09/2012 21/11/2013	Agricultura ecolóxica
			Especialización gandeira
			Carga gandeira
			Superficie con instrumentos de ordeación e xestión forestal
			Ocorrencia de incendios
GTT07	D.X. Industria, Enerxía e Minas Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)	27/09/2012 15/11/2013	Intensidade enerxética final
GTT08	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)	11/10/2012 15/11/2013	Implantación de TIC nos asentamentos urbanos e rurais
GTT09	Augas de Galicia	09/10/2012 19/11/2013	Calidade da auga nas zonas de baño
	D.X. Innov. e Xest da Saúde Pública		

GTT	Departamento	Datas sesión de traballo	Indicadores seleccionados (IST)
GTT10	D.X. Conservación da Natureza	25/09/2012 19/11/2013	Artificialización do territorio
			Superficie de interese para a conservación en corredores
			Superficie de espazos naturais protexidos
			Espazos naturais con instrumentos de planificación
GTT11	S.X. Calidade e Avaliación Ambiental	06/09/2012 03/10/2012 26/11/2013	Xeración de residuos urbanos
			Recollida selectiva bruta
			Dotación de puntos limpos
GTT12	D.X. de Emerxencias e Interior	18/10/2012	Emisión de gases de efecto invernadoiro
GTT13	S.X. Ordenación do Territorio e Urbanismo	11/09/2012 16/10/2012 28/11/2013	Usos do solo
			Proximidade aos núcleos de carácter fundacional
			Vivendas familiares
			Índice de saturación
			Crecemento previsto
GTT14	Instituto Galego de Vivenda e Solo	20/09/2012	Grao de conurbación
GTT15	D.X. de Mobilidade	02/10/2012 25/11/2013	Reparto modal da mobilidade cotiá
GTT16	Portos de Galicia Axencia Galega de Infraestruturas	11/10/2012	
GTT17	D.X. Comercio	20/09/2012	

No que se refire aos indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI), aínda que ao longo das sesións dos GTT, foi solicitada a todos os departamentos a información que permitise a súa elaboración esta contou co referendo da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. A táboa seguinte amosa os IDI que foron calculados para este primeiro informe:

Indicadores seleccionados (IDI)
PTI aprobados ou en elaboración que desenvolven o modelo territorial das DOT
Número de Plans sectoriais aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración
Número de PXOM aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración
Porcentaxe de PXOM aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración
Porcentaxe de superficie con PXOM aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración
Desenvolvemento urbanístico

En canto á Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística (EPTU), o Anexo IV reflicte, dun xeito sucinto, as achegas feitas por cada un dos departamentos.